

O caso do unicornio azul

por Agustín Fernández Paz

Eu estaba totalmente convencido de que era o mellor de tódolos que nos adicabamos a este oficio, e diso que agora hai bastante competencia. Afeito a que todo me saíse ben, consideraba que a palabra *fracaso* estaba borrada para sempre do meu vocabulario. Pero todo cambiou dende o día que recibín aquela estraña visita. Claro que, se o vou contar, será mellor empezar polo primeiro.

Cando me decidín a abrir esta oficina estaba seguro de dúas cousas: que ía ter traballo en abundancia e que o labor non me había permiti-lo aburrimiento. E non me equivoquei, non. Ademais, dende o primeiro momento vin que eu tiña unha especial habilidade para estes asuntos. A miña técnica era laboriosa, pero infalible. Todo consistía en ter unha ficha ben completa de cada un dos homes e de cada unha das mulleres que pasaban polo meu despacho. Logo, só había que ir casando os datos dunhas fichas cos das outras, ata atopar dúas que tivesen un perfil semellante.

E nunca mellor dito o de «casar», porque diso se trataba.

ICROM
Axencia Matrimonial

poñía o rótulo que había na porta do meu despacho. Xa levaba cinco anos no oficio e podía dicir que era ben máis descansado que o traballo anterior, aquel condenado choio na Axencia de Detectives «A Lupa», que en

dous anos acabou cos meus pes e coa miña paciencia.

Xa digo que non me podía queixar. Vivía ben, o traballo prosperaba e dende había dous meses estaba informatizado, maravillándome tódolos días de que unha boa base de datos me fixese case todo o traballo só.

Os meus problemas empezaron a mañá que recibín aquela chamada. Descolguei o teléfono e, logo dos saídos de rigor, escoitei a petición que me chegaba cunha voz estrañamente musical: «¿E vostede podería atopar unha parella para min aínda que eu fose alguén de características... digamos... inusuais?» Respondín que si de contado, madia leva, neste negocio non se pode transmitir inseguridade ningunha. «¿E poderame recibir a unha hora na que eu teña unha garantía de que vai haber unha total discreción?» Outra volta a miña resposta afirmativa. Quedei de recibilo ese mesmo día, ás oito (eu pechaba sempre ás sete), cando xa houbese seguridade de que anoitecera.

As sete e media empecei a me poñer algo nervioso. Un nunca sabe con que tipos raros se pode atopar. Cando xa ían da-las oito petaron na porta. Dixen «¡Adiante!» e a porta abriuse, dando paso ó que máis que unha persoa parecía un mostrario de prendas de vestir. Dende o meu asento eu só alcanzaba a ver un enorme abrigo, unha longa bufanda e un amplo sombreiro. O gardarroupa andante achegouse ó colgador que teño na esquina do cuarto e, ós poucos, foise

desprendendo da roupa que traía.

¡Non me dá reparo dicilo! ¡Se non chega a ser porque estaba ben sentado na miña cadeira, seguro que caía de cu no chan! Porque diante miña, agora xa a catro patas (cando entrara vestido só viña andando coas dúas de atrás), tiña unha especie de cabalo pequeno, aínda que máis miúdo de corpo. A súa pel era de cor azul e no medio da testa saíalle un corno puntiagudo. ¡Se meu non estaba soñando, tiña alí diante o primeiro unicornio azul que vía na miña vida! Eu xa vira debuxados algúns, pero aquilo era diferente. Tratei de non perder a calma e portarme educadamente:

—Corríxame se me equivoco, pero ten vostede toda a pinta de ser un unicornio.

—E vostede un humano —respondeu el. Vendo que eu non dicía nada, engadiu: —E, se me permite dicilo, un humano bastante abraiado.

Tratei de estar á altura das circunstancias. Non sabía se estaba soñando, se aquilo era unha broma de mal gusto ou se realmente estaba diante dun animal que ata daquela eu pensara que era só unha invención dos antigos.

—A terceira opción é a correcta —dixo o unicornio—. Ten que perdoar que lle lese o pensamento, pero é que diante dos humanos sempre me entra esa tentación. Como eu estaba mudo, coa boca e os ollos moi abertos, continuou: —Iso de unicornio, de calquera xeito, non é correcto. Porque non sei se se decatou de que son unha



GUSTI.

femia, ou sexa, unha unicornia. Pero pode chamarme Uni.

Non daba saído do meu abraio, pero adoptei a postura do que está de volta de todo:

—Pois ben, señorita Uni, vostede dirá cal é o motivo da súa visita.

Ben se ve que eran esas as palabras que agardaba. ¡Como largou a tal Uni! Mentres eu ollaba en fite o seu corno, ela contoume a longa historia que aquí resumo con máis brevidade: resulta que noutros tempos os unicornios foran moi numerosos e mesmo nas fragas galegas chegara a haber unha boa colonia deles. Aínda que a súa familia viñera de Grecia, aclimáranse ben no noso país, tan húmido e con fragas tan acolledoras. Pero dende había uns anos as boas fragas

foran diminuindo neste país (qué me ía dicir a min, que nos meus tempos libres andaba a colaborar cunha organización ecoloxista) e os seus compañeiros foran morrendo, aqueixados dunha estraña doenza.

—Así que agora atópome soa —concluíu—. Estou en idade reproductora e, se non teño descendencia, ¿que vai ser da nosa raza? Por iso é urxente dar con algún unicornio dos que aínda poden quedar polas fragas galegas, para que poidamos formar unha nova parella e ter descendencia.

Eu non daba articulado palabra, así que Uni engadiu:

—¿Que me di? ¿Pode vostede facer algo? Se é polos cartos, non se preocupe, que de tanto andar polos bosques desta terra teño coñecemento

dunha chea de tesouros agachados.

Eu seguía parado, coa mente traballando a toda velocidade. Unha idea súbita iluminou o meu cerebro. Erguinme e fun axiña ó ficheiro. Lembraaba unha ficha rara, antiga, que estaba entre as que me pasara un colega que se retirara do negocio. Atopeina axiña, xa que estaba no apartado de «Varios». Lin o texto en voz baixa:

GATIPEDRO

Animal estraño, ten un corno na testa. Vive cercano ás persoas. Busca parella. Avisar a D. Alvaro Cunqueiro. Mondoñedo. (Para máis referencias, véxase «Escola de Menciñeiros»)

A unicornia, que me debía estar a le-lo pensamento, amosou unha expresión de desagrado:

—¡Pero vamos, o gatipetro non! Ben coñezo ese animal, que coincidimos unha tempada na fraga de Esmelle, aló polas terras de Miranda. ¡Quite de aí! O único que ten en común conosco é o corno no medio da testa. ¡Pero aí se acaban as semellanzas!

—Pois entón...

—Pois entón o que hai que buscar é un unicornio azul macho. ¿De verdade non se cre capaz?

As súas últimas palabras chegaronme ata o máis fondo. Decididamente, este era un traballo para min. O bo nome da axencia estaba en xogo. Ademais, sempre pensei que lles hai que botar unha man ás especies en perigo de extinción. A conciencia profesional e a conciencia ecoloxista obrigábanme á procura.

Así que agora estou, dende hai un mes, percorrendo as xa escasas fragas que quedan en Galicia, nesta terra invadida de piñeiros e eucaliptos. Ata agora non me acompañou a sorte e

non vin unicornio azul ningún. ¿Terás máis sorte ti, amigo lector? Se ves algún unicornio nas túas excursións polo monte, xa sabes cal é o meu teléfono. Non dubides en chamar e non te preocupes de que non estea eu no despacho. ¡Que estamos no século da técnica e para algo teñen que servir os contestadores automáticos!

Cuento del libro *Contos por palabras*. Edición en gallego: Xerais, Vigo, 1991. Versión en castellano: SM, Madrid, 1991.

El caso del unicornio azul

por Agustín Fernández Paz

Estaba totalmente convencido de que yo era el mejor de los que nos dedicábamos a este oficio, y eso que ahora hay bastante competencia. Acostumbrado a que todo me saliese bien, consideraba que la palabra *fracaso* estaba borrada para siempre de mi vocabulario. Pero todo cambió desde el día en que recibí aquella extraña visita. Claro que, si lo voy a contar, será mejor comenzar por el principio.

Cuando me decidí a abrir esta oficina, estaba seguro de dos cosas: de que iba a tener trabajo en abundancia y de que la labor no me había de permitir el aburrimiento. Y no me equivoqué, no. Además desde el primer momento vi que yo tenía una especial habilidad para estos asuntos. Mi técnica era laboriosa, pero infalible. Todo consistía en hacer una ficha lo bastante completa de cada uno de los hombres y de cada una de las mujeres que pasaban por mi despacho. Después, sólo había que ir casan-

do los datos de unas fichas con los de las otras hasta encontrar dos que tuviesen un perfil semejante. Y nunca mejor dicho lo de «casar», porque de eso se trataba.

ICROM
Agencia matrimonial

ponía el rótulo que había en la puerta de mi despacho. Ya llevaba cinco años en el oficio y podía decir que era mucho más descansado que el trabajo anterior, aquel condenado asunto de la agencia de detectives «La Lupa», que en dos años acabó con mis pies y con mi paciencia.

Ya digo que no podía quejarme. Vivía bien, el trabajo prosperaba y desde hacía dos meses estaba informatizado, maravillándome todos los días de que con una buena base de datos, el ordenador me hiciese él sólo casi todo el trabajo.

Mis problemas comenzaron la mañana en que recibí aque-

lla llamada. Descolgué el teléfono y, después de los saludos de rigor, escuché la petición que me llegaba con una voz extrañamente musical: «¿Y usted podría encontrar una pareja para mí, aunque yo fuese alguien de características... digamos... inusuales?» Respondí que sí en el momento, no faltaba más, en este negocio no se puede transmitir inseguridad alguna. «¿Podrá recibirme a una hora en la que yo tenga garantía de que va a haber una total discreción? Otra vez mi respuesta fue afirmativa. Quedé en recibirlo ese mismo día a las ocho (yo echaba el cierre siempre a las siete), cuando hubiera la seguridad de que había anochecido.

A las siete y media empecé a ponerme algo nervioso. Uno nunca sabe con qué clase de tipos raros se puede encontrar. Cuando iban a dar las ocho, llamaron a la puerta. Dije «¡Adelante!» y la puerta se abrió, dando paso a lo que más que una persona parecía un

muestrario de prendas de vestir. Desde mi asiento yo sólo alcanzaba a ver un enorme abrigo, una larga bufanda y un amplio sombrero. El guardarrropa andante se acercó al colgador que tengo en la esquina del despacho, y poco a poco, se fue desprendiendo de la ropa que traía.

¡No me da reparo el decirlo! ¡Si no llega a ser porque estaba sentado en mi silla, seguro que me caía de culo al suelo! Porque delante de mí, ahora ya a cuatro patas (cuando había entrado sólo venía andando con las dos de atrás), tenía una especie de caballo pequeño, aunque más menudo de cuerpo. Su piel era de color azul y de en medio de la frente le salía un cuerno puntiagudo. ¡Si no estaba soñando, tenía allí delante el primer unicornio azul que había visto en mi vida! Conocía algunos dibujados, pero aquello era diferente. Traté de no perder la calma y portarme educadamente:

—Corríjame si me equivoco,

pero tiene usted toda la pinta de ser un unicornio.

—Y usted un humano —respondió él. Viendo que yo no decía nada, añadió: —Y, si me permite decirlo, un humano bastante asombrado.

Traté de estar a la altura de las circunstancias. No sabía si estaba soñando, si aquello era una broma de mal gusto o si realmente estaba delante de un animal del que hasta aquel momento había pensado que era una invención de los antiguos.

—La tercera opción es la correcta —dijo el unicornio—. Tiene que perdonar que le lea el pensamiento, pero delante de los humanos siempre me entra esa tentación.

Como yo estaba mudo, con la boca y los ojos muy abiertos, continuó:

—Eso de unicornio, de cualquier manera, no es lo correcto. Porque no sé si se ha dado cuenta de que soy una hembra, o sea, una unicornia. Puede llamarme Uni.

No lograba salir de mi asombro, pero adopté la postura del que está de vuelta de todo.

—Pues bien, señorita Uni, usted dirá cuál es el motivo de su visita.

Bien se veía que éstas eran las palabras que ella esperaba. ¡Cómo largó la tal Uni! Mientras yo observaba fijamente su cuerno, ella me contó la larga historia que aquí resumo con toda brevedad: resulta que en otros tiempos los unicornios habían sido muy numerosos e incluso en los bosques autóctonos gallegos había llegado a haber una colonia importante. Aunque su familia había venido de Grecia, se aclimataron bien en nuestro país, tan húmedo y con bosques tan acogedores. Pero desde hacía años los buenos bosques habían disminuido en este país (qué me iba a decir a mí, que en mis ratos libres colaboraba con una organización ecologista) y sus compañeros habían ido mu-

riendo, aquejados de una extraña enfermedad.

—Así que ahora me encuentro sola —concluyó—. Estoy en edad reproductora y, si no tengo descendencia, ¿qué va a ser de nuestra raza? Por eso es urgente encontrar algún unicornio de los que aún pueden quedar por los bosques gallegos, para que podamos formar una nueva pareja y tener descendencia.

Yo no podía articular palabra, así que Uni añadió:

—¿Qué me dice? ¿Puede usted hacer algo? Si es por el di-

nero, no se preocupe, que de tanto andar por los bosques de esta tierra tengo conocimiento de una gran cantidad de tesoros escondidos.

Yo seguía parado, con la mente trabajando a gran velocidad. Una idea súbita iluminó mi cerebro. Me levanté y fui rápidamente a mi fichero. Me acordaba de una ficha rara, antigua, que estaba entre las que me había pasado un colega que se había retirado del negocio. La encontré pronto, ya que estaba en el apartado de «Varios». Leí el texto en voz baja:



GUSTI.

GATIPEDRO
Animal extraño, tiene un cuerno en la frente. Vive cerca de las personas. Busca pareja. Avisar a D. Alvaro Cunqueiro. Mondoñedo. (Para más referencias, véase «Escuela de curanderos»).

La unicornia, que me debía estar leyendo el pensamiento, mostró una expresión de desagrado:

—¡Pero, vamos, el gatipedro no! Conozco bien a ese animal porque coincidimos una temporada en el bosque de Esmella, allá por las tierras de Miranda. ¡Quite de ahí! Lo único que tiene en común con nosotros es el cuerno en medio de la frente. ¡Pero ahí se acaban las semejanzas!

—Pues entonces...

—Pues entonces lo que hay que buscar es un unicornio azul macho. ¿De verdad no se cree capaz?

Sus últimas palabras me llegaron hasta lo más hondo. Decididamente, éste era un trabajo para mí. El buen nombre de la agencia estaba en juego. Además, siempre pensé que había que echarles una mano a las especies en peligro de extinción. La conciencia profesional y la conciencia ecologista me obligaban en la búsqueda.

Así que ahora estoy, desde hace un mes, recorriendo los ya escasos bosques que quedan en Galicia, en esta tierra invadida por los pinos y eucaliptos. De momento, no me ha acompañado la suerte y no he visto ningún unicornio. ¿Tendrás más suerte tú, amigo lector? Si ves algún unicornio en tus excursiones por el monte, ya sabes cuál es mi teléfono. No dudes en llamar y no te preocupes porque yo no esté en mi despacho. ¡Que estamos en el siglo de la técnica y para algo tienen que servir los contestadores automáticos!

Traducción de Rafael Chacón.